

11. X. M. ÁLVAREZ BLÁZQUEZ - CANLE SEGREDO II

A poesía de Xosé María Álvarez Blázquez permítenos viaxar a moitos dos lugares que describe relacionados coa súa nenez e imaxinar os "... Ácios de uvas douradas, brancas, mouras..., ... os ourioles en bandada..., ... os mouros estorniños no tellado...". O cartel que se mostra pretende reflectir como a poesía pode facernos ver, entre as liñas dos seus versos, unha representación gráfica do que o poeta nos quere transmitir. En "Elexía a unha muller do campo" o autor sintetiza de tal xeito a descrición de Pepa de Cascallar que case podemos formar na nosa cabeza unha imaxe da súa faciana e mesmo fantasiar e oír a súa "fala cariñenta".

Elexía a unha muller do campo

Pepa de Cascallar, eu ben quixera
agora que xa estás - cinza na cinza -
a descansar pra sempre, dar ao mundo
razón cabal de ti.

Lle falaría
daquelas duras mans, rexas gadoupas
pra termar do legón e da manceira
mans de escrava da terra,
non afeitas a máis regalo e mimo
que o dos ubres da vaca... Eu loubaría
aquiles pés ispidos, mouros, fortes,
coma poutas de boi, que agatuñaban
polos montes atal que dous teixugos.
¡Teus pés de ferro, aí Pepa!

E logo, si tivese a gracia que me falla,
eu faría un retrato verdadeiro
da túa face - ¡que che estou lembrando
ao craro sol do meu ollar de neno! -

¡Que estrana face a túa, tan laiada e tan amiga,
enrugada ¡ escura coma codia de broa!
Aquila face dos olliños pitos,
dos beizos murchos, dos cabelos raros,
dos catro dentes e do narís torto.
Aquila face, ¡ai, Pepa!
que á nosa nai lle daba cuasi espanto
e a nós, os nenos, nos aloumiñaba...

Porque eras tí, quero que agora o saibas,
agora que xa podes escoitarme,
a fala cariñenta do misterio
que enchía os nosos corazóns inxeles.
Cando, á noitiña, viñas tí co leite,
oubhada de cans polos camiños,
xa o sono que nos tiña derrubados
fuxía, coma o fume do fumeiro
E tí falabas...

Ben escoito aínda
o parolar aquil, tan sospirado,
que a nosa nai seguía brandamente
co asentimento da fermosa testa.
- ¡Aí, señora, parécelle unha historia!
Non se pode crer...

Pero sabías
que todo acreditábamos os nenos...

¡Pepa de Cascallar, eu ben quixera
pagarche, ao cabo de tan longo tempo,
o falar cantareiro que aínda sinto
cando, ás veces, a vida se me fende,
sin eu pensalo, por mitá do peito!

A representación gráfica a partir dun escrito coñécese co nome de **poesía visual** ou **caligrama**; xeralmente, os textos nos que se basea son poéticos e neles as palabras dispóñense coa intención de representar graficamente o seu contido.

Ao longo da historia, atopamos numerosos exemplos de representacións que xogan co texto e coa imaxe: os xeroglíficos exipcios, as iconográficas escrituras orientais..., pero as orixes da poesía visual cunha intención artística sitúanse na literatura occidental cos *technopaegnia* (caligramas) ou *carmina figurata* (en latín).

Os primeiros caligramas coñecidos foron realizados por poetas gregos do período helenístico (Simias de Rodas, Teócrito, Dosíadas...). Xorden de ofrendas relixiosas sobre as que se inscribían o nome do doador e a doazón distribuídos en liñas que, por necesidade, se adaptaban á forma do obxecto ofrecido.

Máis tarde, xa na Idade Media e sobre todo no Manierismo (literatura labiríntica e xeroglífica), retómanse de novo, pero non será ata o século XIX coas vangardas europeas cando se converta nun xénero específico da literatura.

Co poeta vangardista francés Guillaume Apollinaire, os caligramas póñense de moda nas primeiras décadas do século XX. Tamén na literatura hispánica destacan grandes autores como Guillermo Cabrera Infante, Juan José Tablada, Oliverio Girondo e, no panorama literario español, foron creadores de caligramas, entre moitos outros, Ramón Gómez de la Serna ou o catalán Joan Brossa.

Actualmente, existe unha xeración de poetas visuais que empregan os medios dixitais nas súas creacións; esta recente modalidade de xerar arte mesturando texto e imaxe coñécese como *Net.Art* ou *Net.Poesía*.